



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 27 DE FEBREIRO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil trece, reúnese a Mesa de contratación para a para a adxudicación das obras de “Arranxo da estrutura, fachada e cuberta da Casa do Concello”, presidida polo Concelleiro de Goberno responsable da área de facenda e medio ambiente, don Raimundo González Carballo, por delegación da súa Excelencia o Sr. Alcalde; asisten o Arquitecto xefe da OTA, don Angel Velando Rodríguez; a Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de Contratación, dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria da Mesa, que da fe do acto.

Constituída a Mesa e previamente ao acto de apertura dos sobres “B” subtitulado “proposición u oferta: criterios sometidos a xuízo de valor” das proposicións presentadas, pola Secretaria dase conta de que as empresas PROYCOGA S.A., CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA S.L., EL CORTE INGLÉS, ABELLEIRA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS S.L-ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTORA S.L., presentaron a documentación requirida para subsanar os defectos observados nas súas documentacións. Examinadas as mesmas estimase que a documentación presentada polas empresas axustase ao exisido no prego excepto a presentada pola empresa EL CORTE INGLÉS xa que examinada a súa documentación en relación coa solvencia técnica da empresa a mesma non cumpre as determinacións do prego por:

-o certificado correspondente a certificación das obras no Hotel Wilson se correspóndese os exercicios 2007-2008 cando no prego determinase que deben corresponder a obras executadas nos 2 anos anteriores a presentación da oferta é dicir os anos 2011 e 2012.

-o certificado correspondente as instalacións do Museo Litográfico de Cádiz correspóndese cos anos 2009 e 2010 se ben non se especifica que o ben restaurado fose un edificio catalogado.

-o certificado do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sería válido en canto a anualidade de 2011 que ascende a 92.557,99 €.

-o certificado do Servizo Vasco de Emprego, non especifica que as obras se realizaran nun edificio catalogado.

-o certificado do Centro Comercial As Salesas correspóndese coa clasificación K 4 pinturas e metalizacións polo que non se ten en conta, ademáis de non especificar que as obras realizaróñse nun ben protexido.

-o certificado da reforma parcial da fachada en vivanda por importe de 97.779,21 € axústase as determinacións do prego.

A vista do exposto a empresa EL CORTE INGLES non xustifica axeitadamente a súa solvencia técnica, xa que de acordo co establecido no prego “deberá haberse efectuado en los dos años anteriores, cuando menos, trabajos similares al objeto del presente contrato en un edificio catalogado y con un montante económico igual o superior a la misma”.

En consecuencia, a Mesa de contratación declara admitidas as ofertas de PROYCOGA S.A., CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA S.L., ABELLEIRA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS S.L-ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTORA S.L., e declara excluída a oferta presentada pola empresa EL CORTE INGLES, seguidamente en acto público procédese á apertura dos sobres “B”

presentados polas empresas admitidas, sendo os seguintes:

DOCUMENTACIÓN SOBRE "B"

1-DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U. (DICSA): que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 45.524,76 € e un plan de control de calidade por importe de 8.070,70 € ive engadido.

2-ABILLLEIRA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABANZADOS S.L. Y ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTORA S.L.: que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 18.512,20 € e un plan de control de calidade por importe de 6.670,00 € ive engadido.

3-CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA S.L.: que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 13.330,76 € e un plan de control de calidade por importe de 6.670,00 €, ive non incluído.

4-TÉCNICOS UNIDOS PARA LA CONSTRUCCIÓN (TUCONSA): que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 89.567,46 € e un plan de control de calidade.

5-PROYCOGA CONSTRUCCIONES: que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 23.991,81 € e un plan de control de calidade por importe equivalente a un 2,4 % do PEM da obra.

6-COPCISA S.A.: que formula oferta relativa as melloras ofertadas por importes de 4.500,00 €, 2.084,72 €, 9.828,86 €, 2.912,85 €, 2.556,53 €, e un plan de control de calidade por importe de 13.499,47 € ive engadido.

7-OREGA CONSTRUCCIÓN&SERVICIOS: que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 13.981,26 € e un plan de control de calidade por importe de 8.070,70 € ive engadido.

8-CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.: que formula oferta relativa as melloras ofertadas cun orzamento total de 55.647,89 € e un plan de control de calidade por importe de 7.800,00 €, ive non incluído.

O Presidente ordena a incorporación das ofertas presentadas ao expediente, e acordase a súa remisión ao Arquitecto xefe da OTA para o seu estudo e realización do correspondente informe.

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.